

RECOMENDACIÓNS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DUN MAPA CONCEPTUAL

- QUE É E PARA QUE SERVE?

Un mapa conceptual é un esquema que recolle información de xeito sintético, isto é, de forma resumida e concentrada. Tendo moitas utilidades, tanto á hora de recordar certos datos como á hora de ter que facer unha exposición guiándonos polo mapa conceptual. En xeral, o proceso de ensino e aprendizaxe tanto de profesores como de estudantes debería basearse na creación e utilización deste recurso didáctico, xa que é unha ferramenta imprescindible para unha aprendizaxe significativa, aquela na que asimilamos o que estudamos e non simplemente nos limitamos a reproducir mecánica e memoristicamente a información coa que estamos a traballar.

- POR QUE MAPA?

O mapa conceptual é mapa porque é un esquema que organiza de xeito ordenado e estruturado unha información que tratamos de comprender e transmitir. Polo tanto, a súa estrutura debe resultar clara, concisa e precisa. Para este propósito resulta recomendable enmarcar a información relevante en recadros que se conectan mediante liñas ou frechas marcando as relacións de semellanza ou de oposición entre ideas ou conceptos con símbolos recoñecibles. En definitiva, o deseño do mapa é decisivo para asimilar a información que contén. Un deseño confuso, por pouco claro, non permitirá comprender os coñecementos que se pretenden transmitir.

- POR QUE CONCEPTUAL?

O mapa conceptual debe ser esquemático non só no seu deseño, senón tamén no seu contido. Por tanto, debemos evitar na medida do posible o exceso de datos: as informacións recollidas deben ser breves e claras e non debemos redactar frases excesivamente extensas. Máis ben debemos reflectir os conceptos clave do asunto que intentamos resumir ou esquematizar. Tamén é moi importante que a información que tratamos de resumir e esquematizar estea redactada coas nosas propias palabras. Isto quere dicir, que debemos evitar copiar ao pé da letra o documento do que fagamos o esquema. Temos que traducir á nosa propia linguaxe esa información. Evidentemente, isto implica poñer a traballar as nosas capacidades de comprensión lectora e de expresión escrita.

- COMO FACER UN MAPA CONCEPTUAL?

Deberíamos empezar por facer un borrador con lapis e papel. É unha forma de falar, o que quero dicir é que deberíamos facer varios borradores sucesivos ate dar co borrador final. Despois, pensando especialmente no deseño gráfico do mapa conceptual, resulta recomendable calquera *software* que nos permita traballar nesta liña. Por exemplo, resulta moi doado utilizar o *Power Point*.